

## UNHA NOVA SITUACIÓN PARA O GRUPO MIXTO

A incorporación dunha nova deputada ao G. Mixto remata coa excepcionalidade de grupo parlamentar unipersoal.

Nesta nova situación débese partir da igualdade dos G.P. aplicada pola Mesa do Parlamento nos precedentes de G. Mixto pluripersoais e recoñecida na STC 15/1992 de 10 febreiro (tamén outras posteriores) que establece que os dereitos das deputadas e deputados amparados polo artigo 23 da CE comprenden tamén os que se derivan da pertenza a un G.P.

De non ser así, a discriminación ao Grupo Mixto considerándoo un GP de 2ª, contraria ás disposicións expresas do Regulamento do Parlamento de Galicia, ás Normas complementarias e supletorias do Regulamento, e aos acordos da Mesa do Parlamento respecto dos GP, sería unha vulneración do dereitos fundamentais amparados polo artigo 23 da CE (dereito fundamental a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos cos requisitos que sinalen as leis).

## PARA CONTRIBUIR Á BOA MARCHA DO PARLAMENTO

Porén os dereitos do G Mixto e das persoas que o integran non impide que o G. Mixto poda renunciar voluntariamente, total ou parcialmente, a dereitos que lle correspondan para interferir o menos posíbel na planificación do traballo dos outros GP e contribuír a axilidade dos debates e á boa marcha do Parlamento Galego.

En base ás consideracións anteditas, o GM quere contribuír ao consenso dos GP aceptando reducir a súa participación que quedaría do seguinte xeito:

**1.- Composición dos órganos parlamentarios:** a acordada na reunión da Mesa-Xunta de Portavoces de 12 de Febreiro de 2014.

**2.- Preguntas urxentes ao Goberno e as preguntas ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia:**

- a) As preguntas urxentes ao Goberno que a Mesa do Parlamento acordou foran igual número para os GP dispoñendo cada un de 1 pregunta por sesión plenaria, limitaríanse para o G. Mixto a unha pregunta urxente cada dúas sesións (\*).
- b) As preguntas ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia que de acordo coas Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento corresponde unha a cada GP por sesión plenaria de control, limitaríanse para o G. Mixto a unha cada dúas sesións plenarias(\*).

*\*Para o G. Mixto a pregunta urxente ao Goberno e pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, alternaríanse nas sesións plenarias.*

**3.- As interpelacións,** dado que son 3 por pleno ( 30 no período de sesións longo e 21 no curto ) que se reparten proporcionalmente entre os grupos da oposición, deberán axustarse á nova composición dos G.P. Resultando no período de sesións longo, 16 para o GP Socialista, 6 para o GP de AGE, 6 para o GP do BNG e 2 para o G. Mixto, e no período de sesións curto 11, 4, 4 e 2 respectivamente.

**4.- As proposicións non de lei** están distribuídas a partes iguais entre os catro GP de maior representación, GP de PP, Socialistas, AGE e BNG, correspondéndolles a cada GP 2 por sesión plenaria, (20 no período de sesións longo e 14 no curto) para o G. Mixto sería unha por pleno, 10 no período de sesións longo e 7 no curto. **Isto suporía 9 PNLs máis no período de sesións longo máis se os outros grupos pensan que non se debe aumentar o número para non sobrecargar as sesións plenarias, repartiríanse as 81 actuais do período longo asignándolle 18 a GP de PP, Socialistas, AGE e BNG e 9 ao G. Mixto.**

**5.- As preguntas ao Goberno** de igual número e distribución que as PNLs. entre os catro GP de maior representación, para o G. Mixto serían 10 no período de sesións longo e 7 no curto e de acordo co que se di no apartado 2-a, terá a consideración de urxente unha cada dúas sesións plenarias.

#### **6.- Espazo para o Grupo Mixto**

As dependencias mínimas que precisa o GM son un despacho para a portavocía cunha pequena antesala – non pretendemos un despacho de “representación”- e un espazo para o persoal do grupo. Para recibir delegacións non hai problema en continuar como até agora usando algunha das salas libres do Parlamento.

#### **PARA NON INCREMENTAR O CUSTE PARA O PARLAMENTO**

A nova composición do Grupo Mixto non debe supoñer un aumento do custe do Parlamento Galego e consideramos sería posíbel un acordo unánime.

**O G. Mixto renunciaría a 3/5 da subvención fixa para non incrementar o custe do Parlamento Galego.**

Galiza a 14 de novembro de 2014

Consuelo Martínez García

Vicevoceira do G. Mixto